


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

27-28 de xullo do 2024

XVII ORDINARIO B



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
**E SEMPRE SEMENTANDO PAZ**



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 3** *Unha xuntanza de amor*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe. Facémolo no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

O evanxeo de hoxe vai axudarnos a imaxinar como era un día normal na vida de Xesús.

Atopámonos con que El pasa a xornada compartindo cos demais, pasa o tempo cos necesitados ofrecéndolles o mellor de si mesmo. A uns ofrece tempo para charlar, a outros recuperar alentos e ilusións, a outros aliviar as súas dores.

E para Xesús a recompensa é o propio encontro cos demais, é o dar unha man e convidar a que todos fagan o mesmo. Só así ten sentido para Xesús compartir a mesa.

A milagre da multiplicación só foi posible cando alguén ofreceu os seus pans e os seus peixes para compartilos cos demais, e entón Xesús fixo posible que chegaran a todos ata fartarse.

É hora de celebrar e compartir coma comunidade.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante** *A vida dinos que vale a pena compartir con todas as persoas de ben, persoas que teñen as mans abertas para ofrecer o mellor aos demais.*

*Pero agora queremos recoñecer que moitas veces vivimos coas mans demasiado pechadas. Pedimos perdón porque podemos facelo mellor:*

### Monitor/a

➤ Polas moitas veces nas que os nosos intereses e egoísmos son máis importantes que a gratuidade na que nos invitas a vivir cada día. **Señor, abre as nosas mans**

➤ Polas veces nas que coas mans pechadas xulgamos aos irmáns que non teñen comida, traballo ou pasan por dificultades. **Cristo, abre as nosas mans**

➤ Porque seguimos abrindo as mans buscando o noso benestar, e pechámolas cando teríamos que procurar a dignidade dos famentos. **Señor, abre as nosas mans**

**Celebrante:** *Deus agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, e dos que se esforzan cada día para mellorar a vida. A todos, o Señor nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Lembramos a todas as persoas que hoxe pasan fame.*

*(silenzio)*

**Celebrante:**

Deus, Noso Pai,  
ti es a protección dos que esperan en ti,  
guíanos e axúdanos coa túa grande misericordia  
para que facendo un bo uso dos bens desta terra  
participemos xa nos eternos.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, teu Fillo,  
noso Señor e irmán  
que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:**

*As lecturas que imos escoitar sentan as bases do que hoxe compartimos arredor desta mesa. Somos comunidade nas mans de un só Deus e Pai de todos. E estamos compartindo as alegrías e as penas de uns e outros, póndoas nas mans de Xesús porque con El queremos ser evanxeo vivo e crible.*

*Esteamos atentos para facer nosas estas palabras que agora imos escoitar.*

## LECTURA DA CARTA AOS EFESIOS

Irmáns e irmás:

Eu, preso polo Señor, pídivos que camiñedes segundo a dignidade da chamada que recibistes, con total humildade, sinxeleza e paciencia, aturándovos uns a outros con amor, esforzándovos por manter a unidade do espírito no vínculo da paz. Hai un só corpo e un só Espírito, do mesmo xeito que se vos chamou a unha única esperanza na vosa vocación. Hai un só Señor, unha soa fe, un só bautismo, e un só Deus e Pai de todos, que está sobre todos, por todos e en todos.

### Palabra do Señor

🎵 18 *Escoita ao Señor* SALMO

(en pé) Leccionario II B páx 223 Xn 6, 1-15 EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela foi Xesús á outra banda do Mar de Galilea (o de Tiberíades). Seguía unha chea de xente, porque viran os sinais que facía nos enfermos. Subiu Xesús ao monte e sentou alí cos seus discípulos. Estaba a chegar a Pascua, a festa dos xudeus. Levantou a vista Xesús e, vendo vir tanta xente cara a el, díxolle a Felipe:

- Onde imos mercar pan, para que coma esta xente? (Isto dicíao para tantealo, que el ben sabía xa o que ía facer).

Respondeulle Felipe:

- Nin medio ano de xornal chega para que cada un deles reciba un codelo.

Un dos seus discípulos, Andrés, o irmán de Simón Pedro, díxolle:

- Hai aquí un rapaz que ten cinco bolos de pan de cebada e dous peixes. Claro que, que é iso para tantos?

Xesús ordenou:

- Facede sentar a xente.

Había moita herba naquel sitio. E sentaron como uns cinco mil homes. Entón colleu Xesús os pans e, dando grazas, repartiu aos sentados canto quixeron e o mesmo os peixes. Cando se fartaron, díxolles aos seus discípulos:

- Recollede os anacos sobrantes, para que non se estrague nada.

Entón xuntáronos e encheron doce cestas cos anacos dos cinco bolos de pan de cebada, que lles sobrarian aos que comeron. Ao veren aqueles homes o sinal que fixera, dicían: "Este si que é o profeta que había de vir ao mundo".

Entón Xesús, decatándose de que o ían vir coller para proclamar o rei, retirouse só outra vez ao monte.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Cando aquel rapaz saíu da súa casa pensou en levarse algo de merenda, un anaco de pan e uns peixes, o que non se imaxinaba era que todo o que levaba non ía ser para el.

Cando o que tes e estás disposto a compartilo tes moito máis.

Cando non tes nada pero hai alguén que está disposto a compartir o seu entón xa tes moito.

Esta foi a milagre do evanxeo de hoxe. Xesús é capaz de abrir mans e corazóns.

As nosas hoxe comparten arredor desta mesa.

(en pé) **PROFESIÓN DA FE**  
*Celebrante:* Neste encontro parroquial, deixándonos levar da man de Xesús e sentíndonos irmáns, moi orgullosos proclamamos a fe:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Monitor/a:*

*Credes en Deus,  
que nos creou á súa imaxe e que nos ama e nos acolle nos seus brazos abertos de Pai?*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Credes en Xesús,  
que quixo compartir a nosa vida, que o fixo sentíndose irmán con todos, e que con palabras e feitos nos convida a abrir as mans da solidariedade?*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Credes no Espírito Santo  
que nos alenta na gratuidade, no compromiso e na xustiza con cantas persoas pasan fame?*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Credes na igrexa,  
comunidade que non só se compadece senón que quere compartir tempos, sorrisos, esforzos, pans e peixes?*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Movidos pola nosa fe, e sabendo das nosas necesidades, imos rezar hoxe polas necesidades dos demais, e facémolo dicindo*

**Señor, queremos compartir**

**Monitor/a**

- ✓ Coas persoas que non teñen pan, coas persoas esquecidas na fame, oremos
- ✓ Coas familias dos mariñeiros, porque non sempre valoramos o moito que arriscan as súas vidas, oremos
- ✓ Coas mulleres que non teñen liberdade, coas que sofren escravizadas a violencia de xénero, oremos
- ✓ Coas comunidades que non teñen terra pacífica, cos refuxiados obrigados a emigrar e a fuxir, oremos
- ✓ Cos pobos que non teñen paz, cos que se ven envoltos malvivindo guerras que a todos nos escandalizan, oremos
- ✓ Coas persoas maiores que non teñen a ninguén, coas que se senten desprezadas por todos, oremos

**Celebrante:** *Grazas Señor porque agora coa nosa oración comprometémonos a dar unha man aos asoballados do mundo de hoxe, como fixo Xesucristo, noso Señor. Amén*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** Dirixámonos agora ao Deus que é Pai, deixémonos encher do seu amar, e con Xesús recemos “danos hoxe o noso pan de cada día, para sabérmolo compartir. Dicimos

*NOSO PAI ...*



### SIGNO DA PAZ

**Celebrante** *As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de ser testemuñas de Xesús no que dicimos e no que facemos. A paz faise dende a solidariedade, faise coa sinxeleza das mans dispostas a compartir. As nosas están por iso coma irmáns dámonos a paz.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

## COMUÑÓN

**Celebrante:** Os discípulos foron pouco a pouco descubrindo que valía a pena compartir con Xesús a mesa, a conversa e a tenrura coa que facía ben.

Participar hoxe aquí é querer vivir dando unha man a quen a necesita, e é apreciar todo o que de bo hai á nosa beira.

Nós compartimos aquí arredor desta mesa porque Xesús comparte con nós e convídanos a que nós fagamos o mesmo. Sintámonos orgullosos e ditosos por estar invitados a este pan do Señor.

**Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar**

🎵 n° 58 **Acharte presente na vida**

## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Señor, dámosche as grazas porque acabamos de compartir esta celebración, na que facemos memoria da vida de Cristo.

Fai que sirva para a nosa salvación este don que, no seu amor inmenso, el mesmo nos deixou.


Grazas polo exemplo que nos dás en Xesús, o teu fillo benquerido, que vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén

## Avísase das misas (ver folla do mes)

Con Xesús cremos que vale a pena facer evanxeo na sinxeleza da vida compartida en Os Cotos.

Con Xesús queremos facernos cribles aportándolle tempos, sorrisos e esperanzas a estas nosas terras.

E con Xesús queremos dar grazas aos veciños e veciñas da parroquia que son para todos un bo exemplo na vida e na fe.



“Xesús colleu pan, partiuno e repartiullo”  
Palabras do EVANXEO de hoxe”

**Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén**

**Podémonos ir en paz. Amén**